



Fundación galega para o impulso  
da autonomía persoal e atención  
ás persoas en situación de dependencia

**FUNDACIÓN GALEGA PARA O IMPULSO  
DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN  
ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE  
DEPENDENCIA**

1. ORIXES
2. SITUACIÓN TRAS A ÚLTIMA MODIFICACIÓN ESTATUTARIA
3. FUNDACIÓN GALEGA PARA O IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA (FUNGA)
  - FINALIDADE
  - BENEFICIARIOS
  - DOMICILIO
  - ÁREAS DE TRABALLO
4. ÁREA DE TUTELA
  - ESTRUCTURA E FUNCÍONS
  - BENEFICIARIOS DA FUNGA NO ANO 2010 NA ÁREA DE TUTELA
  - PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN RELATIVA Á FUNGA E Á MODIFICACIÓN DA CAPACIDADE DE OBRAR.
5. ÁREA DE DEPENDENCIA
6. PERSOAL DA FUNGA NO ANO 2010
7. IMPLANTACIÓN DA CALIDADE
8. PROCESO DE MODIFICACIÓN ESTATUTARIA
9. CONCLUSIÓN

## 1. ORIXES

A Fundación Galega para a Tutela de Adultos, foi constituída mediante escritura pública o día 18 de outubro de 1996, ante a necesidade de prestar unha atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade incapacitadas xudicialmente ou incursas nun procedemento de incapacitación, e das que o xuíces atribúen á Xunta de Galicia a súa protección mediante as figuras xurídicas da tutela, curadoría, defensa xudicial ou administración de bens.

A Fundación foi clasificada como mixta por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 19 de decembro de 1996 e adscrita ao Protectorado da antedita Consellería.

Foi declarada de interese galego por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 10 de xaneiro de 1997, e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 1996/14.

No ano 2004 modificáronse os Estatutos fundacionais, por escritura notarial outorgada en Santiago de Compostela de data 26 de novembro de 2004, co fin de adaptalos ás esixencias normativas.

No ano 2005, por acordos do Padroado, efectuáronse dúas novas modificacións, relativas ao artigo 12 dos Estatutos, unha en data 10 de maio e outra o 7 de novembro.

Por orde do 21 de marzo de 2006 modificouse a clasificación da Fundación Galega para a Tutela de Adultos, definíndose como benéfico-social e se adscribiu á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia como departamento competente para o exercicio das funcións de Protectorado.



Fundación galega para o impulso  
da autonomía persoal e atención  
ás persoas en situación de dependencia

## 2. SITUACIÓN TRAS A ÚLTIMA MODIFICACIÓN ESTATUTARIA

En xuntanza extraordinaria do Padroado da Fundación, celebrada o día 7 de xullo de 2006, aprobouse a modificación dos Estatutos da Fundación.

Con data 19 de setembro de 2006, tivo entrada no Protectorado da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a documentación consistente na proposta de modificación dos estatutos da Fundación Galega para a Tutela de Adultos. Esta modificación comprende o cambio de denominación, ampliación dos fins e cambio na estrutura dos órganos de goberno e directivos.

Unha vez informada favorablemente a modificación pola Asesoría Xurídica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, elévase o expediente á Comisión de Secretarios Xerais, que na súa reunión do día 12 de febreiro de 2007 emite informe favorable.

O Consello da Xunta, na súa reunión do 22 de febreiro de 2007, adoptou, entre outros, o Acordo de “Autorizar a modificación dos estatutos da Fundación Galega para a Tutela de Adultos”.

Por escritura notarial outorgada en Santiago de Compostela de data 22 de marzo de 2007, procédese a elevar a públicos a modificación dos estatutos da Fundación.

Con posterioridade, procedeuse á inscrición no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego das modificacións estatutarias.

A partir deste momento a Fundación Galega para a Tutela de Adultos, pasa a denominarse **Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA)**.



Fundación galega para o impulso  
da autonomía persoal e atención  
ás persoas en situación de dependencia

### 3. FUNDACIÓN GALEGA PARA O IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA (FUNGA).

A **Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA)**, é unha entidade constituída pola Xunta de Galicia, de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia que ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se expoñen polo miúdo no artigo 7 dos seus Estatutos.

Na súa orixe a Fundación dedicábase exclusivamente ao que agora se configura como a área de tutela.

Posteriormente, no ano 2006, procédese á modificación dos seus estatutos, para adaptalos á nova situación que se deriva da aplicación da Lei estatal de dependencia (Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia) e á Lei Galega de Servizos Sociais e de creación do Instituto Galego de Servizos Sociais. Esta modificación comprende o cambio de denominación, ampliación dos fins e cambio na estrutura dos órganos de goberno e directivo.

A partir deste momento o traballo na Fundación estrutúrase en dúas áreas:

- Área de Tutela.
- Área de Dependencia.

O principal órgano de xestión da Fundación é a Dirección Técnica.

O Padroado da Fundación está composto na súa totalidade por Altos Cargos da Xunta de Galicia.

Por resolución do 25 de maio de 2009, ditada pola Secretaria Xeral da Consellería de Traballo e Benestar (Orde de delegación do 4 de maio de 2009), dáse por



Fundación galega para o impulso  
da autonomía persoal e atención  
ás persoas en situación de dependencia

cumprida a comunicación da aceptación dos cargos dos **novos membros do padroado** da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA) e se procede á súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Os membros do Padroado son os que se relacionan:

Presidenta: **D<sup>a</sup> Beatriz Mato Otero**, Conselleira de Traballo e Benestar, nomeada polo Decreto 81/2009, do 19 de abril, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (Diario Oficial de Galicia nº 75, do 20 de abril).

Vicepresidenta: **D<sup>a</sup> Susana López Abella**, Secretaria Xeral de Familia e Benestar, nomeada polo Decreto 234/2009, do 23 de abril (Diario Oficial de Galicia nº 79 do 24 de abril).

Vogais:

**D<sup>a</sup> Cristina Ortiz Dorda**, Secretaria Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, nomeada polo Decreto 229/2009, do 23 de abril (Diario Oficial de Galicia nº 79, do 24 de abril).

**D<sup>a</sup> Coro Piñeiro Vázquez**, Directora Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal, nomeada polo Decreto 229/2009, do 23 de abril (Diario Oficial de Galicia nº 79, do 24 de abril).

**D<sup>a</sup> Marta González Vázquez**, Secretaria Xeral da Igualdade, nomeada polo Decreto 233/2009, do 23 de abril (Diario Oficial de Galicia nº 79, do 24 de abril).

**D. Ovidio Rodeiro Tato**, Director Xeral de Xuventude e Voluntariado, nomeado polo Decreto 234/2009, do 23 de abril (Diario Oficial de Galicia nº 79 do 24 de abril).

Secretario: **D. Carlos Santos Guerrero** – Funcionario da Consellería de Traballo e Benestar.

- FINALIDADE.

Os fins da Fundación serán sempre de interese xeral na defensa e protección das persoas en situación de dependencia.

Á Fundación correspóndelle a protección xurídica e social das persoas maiores de idade incapacitadas legalmente e en situación de desamparo, a través do exercicio da Tutela e da Curadoría, no seu caso a Defensa Xudicial en procesos de incapacitación, e da administración legal do patrimonio dos/as pupilos/as.

Correspóndelle tamén, en relación coas persoas que se atopen en situación de dependencia, o impulso de recursos, prestacións, actividades, programas, proxectos e equipamentos co fin de :

- Promover a autonomía persoal.
- Mellorar a accesibilidade.
- Favorecer a integración social
- Informar, orientar e apoiar aos familiares das persoas en situación de dependencia e ás persoas que asumen as tarefas de coidado.

No relativo aos Servizos e Centros de servizos sociais de atención ás persoas en situación de dependencia, a FUNGA:

- Poderá colaborar na súa xestión.
- Participará na elaboración de estudos e análises sobre a avaliación dos servizos sociais.
- Poderá organizar, desenvolver e poñer en marcha modelos de xestión de calidade.
- Fomentará accións de patrocinio, solidariedade e financiamento no ámbito dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás

persoas en situación de dependencia, tanto por parte de empresas e entidade públicas como privadas.

Dentro do ámbito formativo a FUNGA terá como fins os seguintes:

- Impulsar a investigación, produción, distribución e execución de proxectos en Novas Tecnoloxías aplicadas á promoción da autonomía persoal.
- Fomentar actividades de carácter educativo, técnico, científico e cultural no ámbito da promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.
- Participar na formación de profesionais relacionados cos servizos sociais de atención ás persoas en situación de dependencia.
- Organizar fondos de documentación e investigación sobre servizos sociais de atención ás persoas en situación de dependencia.

En particular, para o cumprimento das súas finalidades e a título orientativo, a Fundación, xa sexa por iniciativa propia ou en colaboración con terceiros, poderá:

- Establecer convenios e , no seu caso, protocolos de colaboración con institucións públicas ou privadas, que se dediquen a idénticos ou similares fins.
- Subscribir os oportunos contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento dos seus fins.
- Coordinar as súas actividades con aquelas outras que realicen as Administracións Públicas ou calquera outra institución, orientadas aos fins da Fundación.
- Participar e colaborar no deseño, desenvolvemento e execución de proxectos de ámbito estatal e internacional.



- BENEFICIARIOS.

Terán a condición de beneficiarias as persoas que reúnan as seguintes condicións:

- a) Formar parte do sector da poboación que atende a Fundación no caso das persoas físicas (persoas que se atopan en situación de dependencia motivada por discapacidade física, psíquica ou sensorial e/ou por idade e persoas maiores de idade incapacitadas legalmente ou incursas nun procedemento de incapacitación e que se atopen en situación de desamparo), ou desenvolver programas e iniciativas a prol da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, no caso das persoas xurídicas.
- b) Residir no territorio da Comunidade Autónoma Galega ou, no seu caso, pertencer a unha comunidade galega asentada fora de Galicia.

Asemade, poderán ser beneficiarias as persoas que, sen estar incluídas nos apartados anteriores precisen recursos de información, diagnóstico, orientación, apoio, intervención e asesoramento individual ou comunitario nas materias propias do ámbito da Fundación.

- DOMICILIO

O domicilio social da Fundación radica en Santiago de Compostela (A Coruña), no Edificio Administrativo San Caetano.

As oficinas do equipo técnico sitúanse na **Rúa Salgueiriños de Abaixo nº15 B, baixo, 15.703, Santiago de Compostela.**

O número de teléfono xeral é o 981 95 71 12

O seu correo electrónico xeral é: [funga@xunta.es](mailto:funga@xunta.es).

- ÁREAS DE TRABALLO.

A partir da última modificación estatutaria, o traballo na mesma desdóbrase en dúas áreas independentes pero interconectadas entre si:

- Área de tutela
- Área de dependencia.

#### **4. ÁREA DE TUTELA**

- ESTRUTURA E FUNCIÓNS

Esta área é a que desenvolve as actividades que lle correspondían orixinariamente a antiga Fundación Galega para a Tutela de Adultos.

Na área de tutela préstase unha atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade, incapacitadas xudicialmente ou incursas nun proceso de incapacitación e das que os Xuíces atribúen a súa protección á Fundación.

A Área de Tutela da FUNGA está coordinada por unha Dirección de Área unipersoal e dividida en tres departamentos coas funcións que se pasan a detallar:

**1. DEPARTAMENTO XURÍDICO - PATRIMONIAL:** Este departamento está composto por 6 asesores/as xurídicos/as dos cales cinco realizan tarefas de asesoría xurídica xeral e unha tarefas de contido patrimonial, é dicir, que na práctica e como método de organización do traballo, existen dúas subdivisións dentro deste departamento diferenciadas pola natureza do traballo que se deriva a cada unha delas e polas funcións concretas que desempeñan:

**Asesoría Xurídica Xeral:** Ten encomendadas as seguintes funcións:

- Solicitude de particulares aos Xulgados.
- Traslado á Asesoría Xurídica da Xunta dos expedientes de defensa xudicial.
- Solicitar a documentación precisa para elaborar os inventarios de bens.
- Acreditación ante as entidades bancarias nas que os nosos tutelados teñen conta, da condición da FUNGA de representante legal dos mesmos e da Directora como única autorizada nesas contas.
- Elaboración e presentación do inventario de bens no prazo legalmente establecido, solicitando as prórrogas precisas no seu caso e realizando as ampliacións posteriores necesarias no caso de que se descubran novas pertenzas.
- Contestar aos requirimentos efectuados polo Xulgado.
- Solicitude de autorización xudicial para internamento do pupilo en centro, no caso de que fose recomendable tal ingreso, así como de auxilio xudicial para o caso de que este internamento fose involuntario.
- Comunicar ao Xulgado os cambios de domicilio dos tutelados, así como calquera outra incidencia na súa vida que deban coñecer estes.
- Poñer en coñecemento do Xulgado e das forzas do orden público, a desaparición ou non localización dalgún dos nosos tutelados, e posteriormente a súa localización.
- Solicitar as autorizacións necesarias, establecidas polo artigo 271 do código civil.
- Solicitar a retribución do titor naqueles casos nos que o patrimonio do tutelado o permita, seguindo os criterios establecidos pola Dirección.
- Elaboración e presentación das rendicións anuais e rendicións xerais xustificadas de contas preceptivas, debendo obter de forma previa toda a documentación precisa para a súa elaboración.

- Presentación de recursos.
- Asistencia a Xuízos nos que están involucrados os pupilos.
- Reunións con letrados.
- Estudo da situación patrimonial do/a pupilo/a e comunicación da mesma á asesoría xurídica patrimonial.
- Atender aos asuntos xurídicos (penais, civís, etc) dos/as nosos/as tutelados/as, solicitar no caso de ser preciso o beneficio da xustiza gratuíta.
- Atender ás consultas telefónicas sobre temas relacionados coa incapacidade.
- Atender a consultas dos nosos tutelados e dos seus familiares sobre cuestións xurídicas relacionadas coa incapacidade.
- Comunicacions aos organismos oficiais que correspondan o falecemento dos/as tutelados/as.
- Contacto persoal e telefónico co persoal dos Xulgados co fin mellorar o seguimento dos procedementos de incapacidade.

### **Asesoría Xurídica Patrimonial:**

- Xestión das herdanzas nas que están interesados/as os/as pupilos/as. As xestións comúns nesta área son:
  - Indagación das datas de defunción dos causantes e matrimonio si existe.
  - Indagación dos familiares interesados na sucesión.
  - Indagación do patrimonio obxecto da herdanza.
  - Solicitud de certificados aos rexistros civís e últimas vontades.
  - Se existe testamento, solicitud do mesmo.

- Preparación nas Notarías das distintas escrituras en función da situación existente.
- Asistencia aos procedementos de divisións xudiciais de herdanzas.
- Intervención nos procedementos de liquidación de sociedades de gananciais.
- Tramitacións de vendas de bens dos pupilos nos casos precisos, o que supón:
  - Localización física do ben.
  - Peritaxe do mesmo.
  - Tramitación do procedemento xudicial pertinente para acadar a autorización xudicial precisa para executar a venda, de acordo co artigo 271 do C.C.
  - Localización de potenciais compradores/as así como dar traslado das ofertas presentadas polos mesmos/as ao Xulgado competente.
  - Tramitación da venda e de toda a documentación, privada e pública, vinculada á mesma.

**2. DEPARTAMENTO SOCIAL:** Este departamento está composto por cinco traballadoras sociais e ten encomendadas as seguintes funcións:

- Atención persoal e directa das persoas incapacitadas ou en proceso de incapacitación coa finalidade de coñecer a súa situación persoal.
- Desprazamentos aos domicilios das persoas ou centros residenciais.
- Realización do informe social pertinente e valoración social do caso.
- Proposta do plan de actuación social.
- Xestión e tramitación de todo tipo de recursos sociais ( públicos ou privados) encamiñados á integración, promoción da autonomía e consecución do benestar dos tutelados, tales como:
  - Solicitud de prestacións e axudas así como de prazas en centros residenciais.

- Tramitación de recursos como servizos de axuda a domicilio.
- Realización de cantos informes sociais sexan solicitados por institucións e organismos (xulgados, fiscalía, residencias, centros, etc).
- Realizar visitas periódicas ao domicilio para valorar e intervir na situación social e/ou familiar e incluír as variables precisas.
- Propoñer sobre a distribución dos recursos económicos (pensións, aforros...) dos/as tutelados/as segundo as necesidades de cada un/unha deles/as, e explicarlles dita situación.
- Propoñer internamentos en institucións tanto de tipo sanitario como residencial, se así se considera oportuno, tanto de xeito temporal como definitivo, así como valorar a conveniencia de manter dito internamento en determinadas ocasións.
- Informar, asesorar e prestar apoio a nivel social aos/ás familiares dos/as tutelados/as en temas relacionados co exercicio da tutela.

**3. DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO:** Está formado por cinco traballadores e desenvolve as seguintes funcións:

- Xestión das contas bancarias do pupilo.
- Redación e execución de ordes de pago e autorización de cargos ou domiciliacións pertencentes ao pupilo, previa sinatura da Dirección Técnica, así como o control da correcta execución dos mesmos.
- Identificación de todos os gastos e ingresos correntes e regulares, tanto os existentes de forma previa á asunción do cargo pola FUNGA como os xerados posteriormente, vixiando a súa correcta execución, así como informar sobre a súa necesidade propoñendo, no seu caso, a suspensión dos mesmos.
- Facer un seguimento do axeitado cumprimento das obrigas fiscais por parte dos pupilos, tanto no caso de que sexan eles quen es deban dar cumprimento a tal obriga, por non alcanzar a incapacitación a este

ámbito, ou no caso de que tal cumprimento deba ser instado pola FUNGA como representante legal do pupilo, por estar incapacitado o pupilo para tal cometido.

- Desprazamento ás oficinas das entidades bancarias sitas en Santiago de Compostela para realizar as xestións precisas e recoller a correspondencia remitida vía valixa interna polas distintas oficinas con destino á FUNGA.
- Acudir ás oficinas de correos para o envío de correo postal.
- Atención telefónica aos beneficiarios, familiares e interesados con relación aos temas de contido administrativo.
- Outras tarefas de contido administrativo xeral tales como xestión administrativa dos expedientes, rexistros de entrada e saída, xestión de correspondencia...

Subliñar, que as tarefas dos distintos departamentos son interdependentes (todos/as os/as pupilos/as precisan da intervención de profesionais de cada un dos tres departamentos), non se pode concibir un funcionamento illado e independente de cada un deles, sendo imprescindible que actúen de xeito coordinado e baixo unha comunicación permanente. Deste xeito, o método empregado para ligar aos tres departamentos é a creación de equipos multidisciplinares formados por membros dos tres departamentos, equipos que deste xeito prestarán unha atención íntegra aos/ás pupilos/as.

Existen así **catro equipos interdisciplinares** e emprégase como parámetro para a distribución e adxudicación do traballo entre estes equipos o criterio territorial (en función da provincia á que pertenza o Xulgado que nomeou á FUNGA para o exercicio do cargo protector). É dicir, a cada un destes catro equipos asígnaselle unha provincia sendo os responsables de todos/as aqueles/as pupilos/as cuxo nomeamento a favor da FUNGA proveña dun Xulgado pertencente á provincia asignada.

O bo funcionamento da Fundación, non sería posible sen tal coordinación, xa que os aspectos sociais, xurídicos e económicos atópanse fortemente relacionados de tal

modo que a forma máis axeitada de acadar o benestar e a protección integral das persoas tuteladas é cunha visión e tratamento conxunto de todos eles.

- **BENEFICIARIOS DA FUNGA NO ANO 2010 NA ÁREA DE TUTELA.**


Como tónica xeral, o número de beneficiarios desta Fundación segue incrementándose anualmente, debido fundamentalmente ó desarraigo familiar e ao envellecemento da poboación.

Destacar que as familias e incluso outros organismos teñen a crenza errónea de que a FUNGA ten centros propios polo que solicitan que sexa esta a que asuma a tutela dos seus familiares para así acadarlles un aloxamento. A FUNGA non dispón de centros propios senón que ten que recorrer á rede pública de centros, nas mesmas condicións que as demais persoas que non están tuteladas pola FUNGA ou que non están incapacitadas.

**CADRO DE EVOLUCIÓN DAS CARGOS PROTECTORES**






<b>FUNCIÓNS TUTELARES</b>	<b>1.997</b>	<b>1.998</b>	<b>1.999</b>	<b>2.000</b>	<b>2.001</b>	<b>2.002</b>	<b>2.003</b>	<b>2.004</b>	<b>2.005</b>	<b>2.006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>2010</b>
TUTELAS	48	108	150	191	274	344	390	541	600	682	735	833	926	1.016
CURATELAS	0	2	3	6	14	23	30	48	55	54	62	84	105	122
D.X	12	39	70	129	161	172	180	218	192	197	241	245	275	323
ADM. DE BENS	1	1	2	6	13	12	10	16	5	3	6	4	6	7
PRETUTELAS	7	35	57	80	98	102	110	89	103	114	125	125	129	134
<b>TOTAL</b>	<b>68</b>	<b>185</b>	<b>282</b>	<b>412</b>	<b>560</b>	<b>653</b>	<b>720</b>	<b>912</b>	<b>955</b>	<b>1.050</b>	<b>1.169</b>	<b>1.291</b>	<b>1.441</b>	<b>1.602</b>
<b>INCREMENTO</b>		<b>117</b>	<b>97</b>	<b>130</b>	<b>148</b>	<b>93</b>	<b>67</b>	<b>192</b>	<b>43</b>	<b>95</b>	<b>119</b>	<b>122</b>	<b>150</b>	<b>161</b>
<b>%</b>		<b>72%</b>	<b>52%</b>	<b>46%</b>	<b>36%</b>	<b>17%</b>	<b>10%</b>	<b>27%</b>	<b>5%</b>	<b>10%</b>	<b>11%</b>	<b>10%</b>	<b>12%</b>	<b>11%</b>






#### DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA CARGOS PROTECTORES 2010

	A				TOTAL
	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	
<b>FUNCIÓNS TUTELARES 2010</b>					
<b>TUTELAS</b>	384	186	210	236	1016
<b>CURATELAS</b>	40	29	26	27	122
<b>DX</b>	75	68	115	65	323
<b>AB</b>	0	2	4	1	7
<b>PT</b>	60	17	14	43	134
<b>TOTAL</b>	<b>559</b>	<b>302</b>	<b>369</b>	<b>372</b>	<b>1602</b>





- **PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN RELATIVA Á FUNGA E Á MODIFICACIÓN DA CAPACIDADE DE OBRAR.**

Co fin de enriquecer o coñecemento que tanto da FUNGA e das súas funcións como de todo o relativo á incapacidade e figuras de protección dos incapaces e presuntos incapaces teñen os profesionais do sector e a poboación en xeral, a FUNGA organizou charlas informativas e colaborou con diversas asociacións e centros mediante a impartición de charlas por eles organizadas. Deste xeito e durante o ano 2.010 realizáronse as seguintes actividades:

1. Charlas informativas organizadas e impartidas pola FUNGA: Estas charlas abarcaban un ámbito provincial e ían dirixidas aos profesionais dos servizos sociais. Foron un total de catro charlas, ás que acudiron un total de **329** profesionais e realizáronse coas seguintes datas e emprazamentos:
  - Vigo, en data 23 de novembro de 2010.
  - Ourense, en data 24 de novembro de 2010.
  - Lugo, en data 30 de novembro de 2010.
  - A Coruña, en data 01 de decembro de 2010.
  
2. Asemade e durante este mesmo ano 2.010 a FUNGA participou con distintas asociacións e centros mediante a impartición dun total de 4 accións informativas:
  - “Asociación Prodeme”, de Monforte de Lemos.
  - Cruz Roja, de A Coruña.



Fundación galega para o impulso  
da autonomía persoal e atención  
ás persoas en situación de dependencia

- Asociación Íntegro, de Nantón – Cabana de Bergantiños.
- “ASPAS”, de Santiago de Compostela.

## **5. ÁREA DE DEPENDENCIA**

A raíz da modificación dos seus estatutos, a Fundación Galega para a Tutela de Adultos, FUNGA, pasa a denominarse Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia. Con este cambio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar amplía as funcións deste organismo e incorpóralle unha nova área: A ÁREA DE DEPENDENCIA, con funcións de xestión para o desenvolvemento de recursos e centros para a autonomía persoal.

Deste xeito, amplíase a finalidade orixinaria da FUNGA, e dende a súa Área de Dependencia ten a misión de impulsar os recursos, prestacións, actividades, programas, proxectos ou equipamentos destinados a promover a autonomía persoal, a mellorar a accesibilidade e a favorecer a integración social das persoas que están en situación de dependencia e das súas familias ou cuidadores, impulsar actividades de divulgación e sensibilización a prol da integración social e visibilización destes colectivos e participar na elaboración de estudos e análises sobre a avaliación dos servizos sociais de atención ás persoas en situación de dependencia. Colaborará, asemade, na xestión dos servizos e centros de servizos sociais de atención ás persoas en situación de dependencia, así como na elaboración de estudos sobre a avaliación dos servizos dirixidos a estas persoas. Desenvolverá, ademais, actuacións preventivas de situación de dependencia e participará na formación dos profesionais que traballen neste ámbito.

As actividades a realizar neste ámbito dependen de encomendas de xestión que se reciban dos organismos da Xunta de Galicia competentes. Neste último ano non se recibiron encomendas de xestión neste senso ao ser asumidas estas funcións directamente polos organismos da Xunta de Galicia competentes nestas materias, polo que na práctica a actividade e persoal desta área se derivou á colaboración

coas funcións da área de tutela. É esta unha das circunstancias que motivou á modificación estatutaria á que logo faremos referencia.

## **6. PERSOAL DA FUNGA NO ANO 2010.**

DIRECTORA TÉCNICA	1
-------------------	---

DIRECTOR DA ÁREA	1 asesor xurídico con funcións de dirección de área.
DEPARTAMENTO XURÍDICO-PATRIMONIAL	6 asesores xurídicos.
DEPARTAMENTO SOCIAL	5 traballadoras sociais
DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO	2 administrativos de 1ª 3 administrativo de 2ª (un deles experto en eliminación de barreiras)

Total persoal: 18 persoas. A este total debemos sumar cinco persoas contratadas a través da subvención para a contratación de traballadores/as desempregados/as polas Administracións Públicas distintas da local como universidades e entidades sen ánimo de lucro (programa de cooperación), sendo dúas delas traballadoras sociais, dúas asesoras xurídicas e unha administrativa.

## **7. IMPLANTACIÓN DA CALIDADE**

Durante o ano 2010 leváronse a cabo os traballos necesarios para a implantación da calidade no ano 2011. Estes traballos consistiron na aplicación dos manuais, procedementos, rexistros e protocolos realizados o ano anterior e a creación de outros novos ou mellora dos existentes, co obxectivo de facilitar e simplificar o traballo e mellorar o servizo prestado pola FUNGA aos seus usuarios.

## **8. PROCESO DE MODIFICACIÓN ESTATUTARIA**

No ano 2010 a FUNGA iniciou un procedemento de modificación estatutaria, procedemento que responde a tres motivos esenciais:

1º- Adaptación dos estatutos fundacionais aos Decretos 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego; e 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2º- Atención ás recomendacións manifestadas pola auditoría realizada a esta Fundación a propósito do I Plan da Avaliación da estrutura e funcionamento de organismos dependentes da Administración Autonómica, e que se centran na necesidade de especialización nas funcións desempeñadas ata o de agora na área de tutela a costa de renunciar ás funcións e competencias no ámbito da autonomía persoal e da dependencia, relacionadas no artigo 7 dos Estatutos vixentes a día de hoxe, e que pasaría a asumir a Consellería de Traballo e Benestar.

3º- Adaptación dos Estatutos da FUNGA á realidade diaria da mesma: Tal e como se expoñía no apartado dedicado á área de dependencia, a actividade de tal área depende das encomendas de xestión que reciba dos organismos da Xunta de Galicia competentes no ámbito de actuación abarcado por esta área. Dende finais do ano 2009, data na que finalizaron os últimos proxectos encomendados a FUNGA nesta materia (Proxecto de Asistencia Persoal), tales funcións foron desempeñadas directamente polos organismos da Xunta de Galicia competentes, non recibindo a FUNGA durante o ano 2010 encomendas nesta materia. Tal situación baleira de contido a esta área, motivo polo que cómpre a especialización da FUNGA nas tarefas realizadas pola área de tutela e, consecuentemente, a aplicación de todos os recursos dispoñibles, incluídos os ata o de agora dedicados a área de dependencia, á área de tutela, conseguindo así a adecuación da estrutura da FUNGA e a

aplicación íntegra dos seus recursos ás tarefas que na práctica compoñen a súa actividade.

De acordo con estas motivacións, as principais modificacións contidas na nova redacción estatutaria serían as seguintes:

**a) Cambio da denominación:** a partir da modificación estatutaria a FUNGA pasará a denominarse **FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS**.

**b) Cambio da composición do Padroado da Fundación:** A composición do Padroado está recollido no artigo 13 e estará formado por 6 membros:

- Presidente/a: Será o titular do departamento da Xunta de Galicia con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais.
- Vicepresidente/a: Será o secretario/a xeral ou similar competente en materia de familia e benestar.
- Vogais:
  - i. Secretario/a Xeral do departamento da Xunta de Galicia con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais.
  - ii. Director/a Xeral competente en materia de atención á dependencia.
  - iii. Director/a Xeral competente en materia de Saúde Mental.
  - iv. Director/a Xeral competente en materia de Xustiza.

**c) Especialización nas funcións desempeñadas** ata o de agora na área de tutela. Tal especialización supón consecuentemente a modificación dos fins e beneficiarios da Fundación, artigos 6 e 10 da nova redacción estatutaria respectivamente, que se limitan aos vinculados aos procesos de modificación da capacidade de obrar e ao exercicio dos distintos cargos protectores.

## **9. CONCLUSIÓNS.**

Como se pode apreciar nos gráficos presentados, o número de cargos protectores que asume a Fundación non deixou de medrar dende a súa creación no ano 1996, incrementándose no ano 2010 un 11% con respecto ao ano anterior. A previsión para os vindeiros anos é que se siga con esta progresión e incluso que se incremente debido fundamentalmente ao envellecemento da poboación galega, e ao aumento do número de persoas diagnosticadas de trastornos mentais, todo isto agravado polo desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores de poboación.

Nas táboas presentadas, pódese apreciar como a provincia na que a FUNGA ten asumido maior número de expedientes é a de A Coruña, seguida polas de Pontevedra, Ourense e finalmente Lugo.

A FUNGA garante a protección das persoas maiores de idade que estando incapacitadas ou incursas nun proceso de modificación da capacidade se atopen en situación de desamparo (isto é, non conten con familiares ou persoas axeitadas para o desempeño do cargo protector designado ou, existindo, o Xulgado non as considere idóneas para o exercicio do mesmo). Deste xeito podemos afirmar que a súa función **é necesaria e indispensable** na nosa sociedade, pois sen a mesma non existiría figura similar que puidese asumir de forma xenérica as funcións protectoras, posto que aínda que existen outras Fundacións tutelares na nosa Comunidade, estas teñen delimitados os seus potenciais beneficiarios aos que padecen certas problemáticas concretas.

Pero a labor da FUNGA non se limita ao exercicio dos cargos protectores, senón que ademais leva a cabo tarefas de información e formación de profesionais do sector, familiares de persoas coa capacidade de obrar modificada, persoas que precisan de asesoramento no desempeño dos cargos protectores que están a exercer, ás propias persoas coa capacidade de obrar modificada e á sociedade en xeral, de aí que a FUNGA, ademais da información presencial e telefónica que





Fundación galega para o impulso  
da autonomía persoal e atención  
ás persoas en situación de dependencia

facilita nas súas oficinas, organizara e participara durante o ano 2010 en diversas actividades formativas e informativas, como máis arriba se especificou.

Co fin de mellorar as súas funcións, neste ano a FUNGA continua co proceso de implantación do sistema de calidade iniciado no ano 2009, que pretende acadar un **servizo óptimo para os seus usuarios.**